



FERVENZAS DAS CABECEIRAS DO MENTE

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2018



Distancia: 8 km a pé
Dificultade: media



Aproveitando que choveu abondo esta tempada e que as follas das árbores non impiden velas –a primavera aínda non chegou aos montes de Ourense- fixemos unha viaxe para ver e coñecer unhas fervezas nos montes do Piornedo, o Piornedo de Castrelo do Val, e na serra dos Entirlos, unhas desas serras nas que no verán a auga é un ben escaso e os poucos regatos que baixan delas esmorecen ata converterse en pouco máis que fíos de auga, pero que son quen de excavar, cando levan auga, fondos vales no terreo de xistos, pero cando atopan no camiño unha parede de material máis resistente non lles queda outra que descolgarse ou esbarar por el en cenzas e cachóns, como lle chaman ás fervezas na zona.

PERCORRIDO

Accedemos a Fumaces e A Trepá (na autovía ou estrada Ourense-A Gudiña) e, na entrada de San Cristobal, collemos o desvío a Piornedo. Entramos na localidade e cruzámola seguindo a rúa da esquerda, logo unha pista de 2,5 km, en bo estado, aínda que cando chove moito non está en condicións para meter por ela un coche normal, lévanos primeiro a cruzar o río e uns 500 m máis adiante a unha curva ao pé dunha plantación de piñeiros ao que lle serve de cortalumes. Nese punto deixamos a pista e imos á esquerda pola liña de protección do piñeiral ata onde remata, uns 800 m, e á esquerda vemos unha fraga, chámalle así, alí, ás masas rochosas que sobresaen do terreo, que cruza o río no punto no que está a ferveza.

De volta no Piornedo seguimos pola estrada ata Cortegada, xa no concello de Riós, onde pasada a localidade, e antes de chegar ao desvío a Sanguñedo, atopamos, á dereita da estrada, un alargo que os vecinos usan como vertedoiro, onde paramos. Por debaixo deste sitio corre o río ao que baixamos seguindo as lastras de material máis resistente (cuarcitas) nas que o río forma dúas fervezas.

Aquí rematamos o percorrido e volvemos á estrada principal polo mesmo roteiro polo que chegamos, pero tamén podemos facelo por un laberinto de estradas locais sen sinalizar para chegar ás Vendas da Barreira.



Dúas cenzas no rego das Moas (Cortegada, Riós), unha da cabeceiras do río Mente que, en Portugal, desauga nun afluente do río Douro.



Cachón da Cenza no rego dos Portos
(O Piomedo, Castelo de Val)

Nos primeiros días da primavera só se atreven a florecer as plantas máis madrugadoras e as que están nos abrigos. Á dereita *Gagea nevadensis* e abaixo un predo cheo de *Narcissus pseudoracissus*.

